

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as puntuacións provisionais do baremo correspondente as subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4 do procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia núm. 122, do 22 de xuño).

Mediante a Orde do 4 de xuño de 2020 convocouse procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas dependentes desta consellería. (DOG n.º 122, do 22 de xuño).

Logo da valoración provisoria correspondente ás subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4 do baremo, efectuada polos tribunais cualificadores nomeados mediante Resolución do 30 de xullo de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos, e para os efectos de dar cumprimento ao disposto na base sétima da Orde do 4 de xuño de 2020, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar, na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal), as puntuacións provisionais do baremo correspondente ás subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4, por corpos e especialidades, de acordo co que establece a base 7.3 da Orde do 4 de xuño de 2020, e que figuran como Anexo desta resolución.

Segundo: Contra as puntuacións provisionais das subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4, de conformidade co segundo parágrafo da base 7.4 da Orde do 4 de xuño de 2020, o persoal concursante poderá formular as reclamacións oportunas ante o propio Tribunal cualificador correspondente (especificando o corpo e a área) dirixidas á Inspección Educativa de Santiago de Compostela, rúa San Lázaro, 107, C.P. 15781 Santiago de Compostela (sede dos tribunais cualificadores do procedemento de acceso), no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web desta consellería, por algún dos medios que se establecen na base 3.8 da Orde do 4 de xuño de 2020.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Anexo: BAREMO PROVISIONAL SUBEPÍGRAFES 3.2.1 E 3.2.4

